



CGT

¡Non aceptemos máis sacrificios!

As consecuencias desta crise xa se puxeron de manifesto para os traballadores da IA. Algunha empresa xa empezou a despedir o venres 13, sen nin sequera esperar as medidas que o goberno anunciaba para o martes 17. Outras moitas están a presentar **ERTEs**.

Onte coñecemos as intencións de Navantia e a SEPI, que mantiveron dúas videoconferencias co intercentros (mañá e tarde).

A súa proposta é **retomar** todo o posible a actividade presencial, combinada co teletraballo.



A **CGT** xa viña percibindo no Comité de Emerxencia que os tiros da dirección ían por aí. De feito, onte mesmo enviamos ó comité de Saúde Laboral de Ferrol un escrito valorando un documento da empresa sobre o covid-19, no que dicíamos: "o documento da empresa parece dirixido a propiciar a **recuperación** da maior actividade **presencial** posible nos centros de Navantia". Nese escrito recóllese a nosa postura:

"1) A declaración do estado de alarma está motivado porque as interrelacións humanas son o principal vector de contaxio do coronavirus.

2) Por tanto, a mellor maneira de evitar a propagación da pandemia é o confinamento.

3) É unha contradición declarar o estado de alarma e, por outra banda, manter actividades produtivas non esenciais dende o punto de vista da loita contra a pandemia, que é o fundamental nesta situación. Ademais, ditas actividades non esenciais implican un consumo de epis e produtos que deberían destinarse a sectores esenciais que teñen serias carencias dos mesmos (sanidade pública, residencias de anciáns, etc.). Por tanto, a **CGT** esixe a suspensión de todas as actividades produtivas non esenciais".

As actividades **esenciais** son para nós: "loita contra a pandemia, tarefas relacionadas con sectores esenciais como pode ser o enerxético, mantemento e preservación".

A proposta empresarial foi:

1. Quince días a conta das vacacións.
2. Esgotados estes, bolsa de 167 horas negativas (a devolverlle á empresa).
3. Eliminar días de libre disposición.

Isto daría para arredor de mes e medio. Se a situación se prolongase, estudaríanse novas medidas. A parte social non a aceptou. O luns pola tarde haberá outra videoconferencia.

A **CGT** rexeita rotundamente esta proposta. Os traballadores xa nos estamos a **sacrificar** confinados nuns poucos metros cadrados cuidando de maiores e pequenos. Vivindo unha situación de estrés que os irresponsables ao fronte de Navantia, que teimuda e sadicamente plantexan que sexamos os traballadores quen asumamos **TÓDOLOS** esforzos desta crise, de seguro non están a sufrir.

Ó parecer, eles si están de vacacións!

¡¡ Nin EREs, nin ERTes, nin recortes salariais nin perda de dereitos !!

Comité de Emerxencia

A empresa comunicou que o armador do barco que está no dique nº 3 pedira poder continuar até o 15 de abril, para acometer algunhas reformas.

Cando empezou todo isto, planteouse que o mellor era que puidese marchar, e así

“sacarnos un problema de enriba”.

O horizonte desa marcha situábase nesta semana. E cando se acerca o momento, préndese prorrogar a estadía 3 semanas máis.

A **CGT** xa manifestou que non é de recibo.

#Non vou morrer por Wallstreet

As declaracións do vicegovernador de Texas, Dan Patrick, nas que antepuña os **intereses económicos á vida** de centos de miles de anciáns, sintetizan a esencia do capitalismo: a busca permanente do máximo beneficio económico.

Isto é ben sabido por unha clase obreira es-

tadounidense que non interpretou esas palabras coma a saída de tono dun radical republicano, senón como a voz sen filtros de Wall Street, convertendo en cuestión de horas o hashtag **#Non vou morrer por Wallstreet** en trending topic.

Socialismo ou barbarie!

Prosegur

O comité de empresa dos gardas de seguridade envioulle ó comité de Navantia un escrito denunciando a súa situación e pedindo a difusión do mesmo. Froito da excepcionalidade, diminuíu o número de traballadores por quenda. É certo que o nivel de entradas e saídas non ten nada que ver co habitual, pero as factorías non están pechadas e, sobre todo, hai un **risco sanitario** moi elevado.

Os compañeiros denuncian que a redución de persoal, como é habitual, non veu acompañado dunha redución de tarefas, e en determinados momentos vense desbordados na porta, deixando de lado outros servizos.

Tamén denuncian unha cuestión de moita gravidade: estes compañeiros, que están en contacto con moita xente (control na porta, entrega de chaves, etc.), aínda non teñen nin un protocolo para esta situación, e algo moito peor: despois de máis de unha semana, non teñen os epis axeitados. Denuncian, con razón, que todo este tempo levan asumindo un risco para eles mesmos e as súas familias. Todo este tempo suplírono con boa vontade (gardando as distancias, tendo unha estrita hixiene de mans) e grazas a un compañeiro que lles proporcionou luvas. Navantia proporcionoulles mascarillas e xel.

A protesta deu resultado e Navantia xa aceptou incrementar a quenda de mañá nunha persoa. A **CGT** apoiamos as reivindicacións dos compañeiros e esiximos de Prosegur, como do resto das compañías, que doten ós seus traballadores de tódolos medios necesarios para protexer a súa saúde e a saúde das súas familias, que tamén é a saúde de todos e todas.

Horas sindicais de febreiro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais utilizadas polos delegados da **CGT**:

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente Ferrer	52,25	Día 7. Permanente Fene-Ferrol. (08:00-10:15)	2,25	54,50
Xaquín Gª Sinde	57,25	Día 19. Inspección (Coruña). (11:45-14:24) Día 26. Empresa+Com. Empleo FN-FE. (10:45-12:15) Día 27. Xulgado. (11:30-13:00)	5,65	62,90
Arturo Llago	21,50	Día 5. Consulta Tesorería Seg. Social (13:00-13:45)	0,75	22,25
Javi Losada	40,00	Día 27. Xulgado. (11:30-13:00)	1,50	41,50
Benito Segade	26,25			26,25
Carmen Sixto	20,50			20,50
TOTAL	217,75		10,15	227,90



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



CGTNavantiaFE